



MUSEO DO MAR DA ILLA DE SAN SIMÓN - REDONDELA

DATOS XERAIS: está situado na illa de San Simón, na ría de Vigo, espazo de interese natural, cultural, etnográfico e histórico en cuartos dobres con baño.

Tanto a illa, que pertence ao Concello de Redondela, como a enseada están declaradas zona de especial protección dos valores naturais e lugar de importancia comunitaria da Rede Natura 2000. A illa está declarada Ben de Interese Cultural.

Está situada ante a praia de Cesantes. As persoas participantes son trasladadas en barco dende o peirao de Meirande, a 9 km de Vigo e a 24 km de Pontevedra, no lugar de Rande, s/n (36800 Redondela)

ACCESOS: pola estrada N-550 de Pontevedra a Vigo

https://www.google.com/maps/place/Meirande/@42.2847759,-8.6563913,152m/data=!3m1!1e3!4m6!3m5!1s0xd2f7cb5b5ea1ef1:0x38656c46de369700!8m2!3d42.2850825!4d-8.6560148!16s%2Ffg%2F11bw3d79w2?entry=tту&_ep=EgoyMDI1MDQyMS4wKXMDSoASAFQAw%3D%3D

(peirao de Meirande, punto de recepción e recollida de participantes)

ENDEREZO: Residencia Estela Maris – Illa de San Simón, Redondela (Pontevedra)

QUENDA	ANOS NACEMENTO	DESCRIPCIÓN DAS ACTIVIDADES "CULTURA NA ILLA"
Do 30 de xullo ao 6 de agosto	08-09-10-11	Campamento de temática cultural, artística e deportiva.
Do 9 ao 16 de agosto	08-09-10-11-12	Educación ambiental: aula mariña, obradoiros de ecoactivismo, climas en acción; náuticas: caiac, paddle surf; artístico-teatrais: obradoiros de expresión corporal, taller de música creativa, xogos de rol ambientados na Batalla de Rande; historia e cultura: roteiro histórico cultural pola Illa, visita ao Museo de Meirande, miradoiro do Campo da Rata e Praia de Cabanas; taller de fotografía creativa; outras actividades: xincana de nemo, carreira de obstáculos, obradoiro de orientación con GPS, veladas de animación con xogos en equipo e actuacións, xogos nocturnos de habilidades e talentos.
Do 19 ao 26 de agosto	13-14	
Do 29 de agosto ao 5 de setembro	13-14	NOTA: Para ser admitido neste campamento é necesario saber nadar.

NORMAS XERAIS:

1. As persoas participantes estarán atendidas permanentemente por persoal titulado e especializado na organización e no desenvolvemento das actividades de tempo libre.

2. Ningunha persoa participante poderá abandonar o centro sen autorización expresa do/a director/a da actividade, e sempre acompañado por un **adulto autorizado** (algunha das persoas proxenitoras, titoras ou acolledoras que figuren na solicitude). No caso de que ningunha destas persoas poida acudir, a persoa que efectúe a recollida deberá presentar o impreso de autorización que se facilitará o día da recepción, xunto cunha fotocopia do DNI de quen autoriza (persoa que asinou a solicitude de inscrición) e da persoa autorizada.

3. **Prégase non facer visitas de non ser necesario**, co fin de non interferir no desenvolvemento das actividades e limitar ao mínimo imprescindible a entrada de persoas alleas á instalación.



4. Horario de chamadas: na información de recepción o equipo directivo comunicaralles ás familias os días en que se poderá contactar cos/coas menores (cun mínimo de 3 días durante a quenda) e o horario para as chamadas. Nese horario, os/as rapaces/zas disporán dos seus móbiles se os traen ou ben as familias poderán chamar ao/á menor nos teléfonos indicados na reunión de recepción. Tamén se permitirán as chamadas fóra do horario sinalado por causa xustificada.

5. As persoas participantes deberán levar as **tarxetas sanitarias orixinais** (ou seguro médico, MUFACE ou similar, e o talonario de receitas).

O día da incorporación deberánse comunicar ao persoal técnico da actividade os medicamentos, en caso de tratamento específico, que estean a tomar; así como as alerxias, doenzas, ou calquera outra incidencia que se considere de interese.

6. Recoméndase que non leven obxectos de valor, nin grandes sumas de diñeiro.

Prevese a organización dun banco de cartos e móbiles onde os participantes poderán depositar os seus cartos e tamén os teléfonos, (recoméndase poñer un adhesivo co seu nome tanto no teléfono coma no cargador e, no caso de ser necesario, unha lista cos números de teléfono e o PIN, se non se sabe de memoria). Os teléfonos entregaranse apagados.

7. Non está permitido levar comida ao campamento, salvo en casos de necesidade por motivos debidamente xustificados e comunicados previamente.

8. Recoméndase levar a roupa marcada coas iniciais.

9. Nesta web, no apartado "Documentación para presentar (fase de adxudicación)" están dispoñibles os modelos de documentos: declaración sobre a autorización de imaxes (anexo IV), modelo de autorización para recollida do/a menor e outra información de interese. En canto ao cuestionario de saúde e autonomía persoal e declaración de saber nadar (anexo III), este formulario soamente pode ser cuberto en liña (sede electrónica, carpeta cidadá) accedendo ao seu expediente e elixindo a acción "Documentación complementaria para a adxudicación".

INCORPORACIÓN E RECOLLIDA DAS PERSOAS PARTICIPANTES

- A incorporación realizarase o día de inicio do campamento ás **10:00 horas** no **peirao de Meirande (lugar de Rande, s/n, 36800 Redondela), para embarcar ás 11:15 horas** . Non hai liña regular de embarcacións cara á illa, polo que é indispensable respectar estes horarios.

- O billete será adquirido ese mesmo día no propio peirao por conta de cada participante (**35 euros** ida e volta, **pagamento en efectivo ou con tarxeta bancaria**).

Para comunicar calquera incidencia en relación coa incorporación poden contactar co teléfono **623485032** durante os **tres días anteriores á incorporación** ao campamento.

- O día de **remate da quenda, a recollida das persoas participantes** farase **ás 12:00** no peirao de Meirande.

MATERIAL NECESARIO

A equipaxe **débese preparar coa presenza do/a menor** para asegurarse de que recoñece toda a roupa que leva e evitar extravíos. **Tanto a roupa como outras pertenzas** (toallas, móbil e cargador, se é o caso, etc.) **deben ir marcadas** (por exemplo, coas iniciais do nome e apelidos cun rotulador permanente).

- Toallas de aseo e de praia
- Bolsa para a roupa sucia. Non se poderá lavar ningún tipo de prenda na instalación.
- Útiles de aseo
- Saco de durmir
- Crema protectora solar
- Traxes de baño
- Gorra ou viseira
- Camisetas
- Pantalóns curtos ou bermudas
- Mochila pequena de asa ancha para saídas
- Roupa interior suficiente para todos os días da quenda

MATERIAL RECOMENDABLE

A maiores, é aconsellable levar:

- Cantimplora
- Sandalias pechadas con velcro
- Repelente para os mosquitos
- Chaleco reflector
- Vestimenta deportiva e de abrigo: chándal, pantalóns, suadoiros ou forro polar...
- Calzado deportivo que sirva en caso de choiva
- Chuvasqueiro
- Neopreno
- Lanterna
- Bolígrafo e caderno

O horario básico da quenda será o seguinte:

08.30 h	Erguerse, aseo persoal, vestimenta axeitada e amaño de dormitorios
09.00 h	Almorzo
09.30 h	Activa-T (desprazamento, de ser o caso).
10.00 h	Actividades de mañá (con interrupción para un refrixerio)
13.50 h	Remate das actividades de mañá, recollida, desinfección do material e aseo
14.10 h	Xantar
15.00 h	Aseo
15.10 h	Tempo libre xestionado e preparación actividades da tarde (desprazamento, de ser o caso)
16.00 h	Actividades de tarde (con interrupción para merendar)
19.50 h	Remate das actividades de tarde, desinfección do material e recollida
20.10 h	Ducha, tempo libre xestionado
21.00 h	Cea
21.30 h	Tempo libre xestionado
22.00 h	Escoita activa
22.20 h	Velada
23.30 h	Deitarse